



## **RESOLUCIÓN DO 31 DE OUTUBRO DE 2018 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA, POLA QUE SE ANUNCIA A MODIFICACIÓN DA SUPERFICIE MÍNIMA SOLICITADA DENTRO DO PROCEDIMENTO PARA A COMPRA, POR CONCURSO, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE CANGAS CON DESTINO A OFICINA DE EMPREGO**

Mediante Resolución do 9 de outubro de 2018 anunciouse no Diario Oficial de Galicia nº 197 do 16 de outubro e no diario Faro de Vigo do mesmo día, o procedemento para a compra pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dun inmovible por concurso público no concello de Cangas, con destino a oficina de emprego dunha superficie mínima de 500 m<sup>2</sup> construídos e máxima de 750 m<sup>2</sup> construídos.

Advertido un erro na superficie mínima solicitada como consecuencia das esixencias previstas na Resolución do 25 de abril de 2017 do Servicio Público de Empleo Estatal, procede anunciar a modificación desta superficie mínima, que pasará a ser de 590 m<sup>2</sup> construídos ampliando o prazo para a presentación de propostas durante un mes máis e modificando a data de apertura das ofertas.

Desta forma o obxecto do contrato de compra será un local comercial en planta baixa ou planta baixa e primeira planta ou entreplanta, sempre que estean comunicadas interiormente situado no núcleo urbano do concello de Cangas (Pontevedra), dunha superficie mínima de 590 m<sup>2</sup> construídos e máxima de 750 m<sup>2</sup> e coas demais características previstas no prego de condicións. Importe total: 420.000 €

### **Presentación das ofertas:**

Data límite de presentación: 7 de decembro de 2018

### **Apertura das ofertas:**

Data: 20 de decembro de 2018

Hora: 10.00 horas

Lugar: sala de xuntas do edificio administrativo da rúa Pastoriza 8 de Santiago

### **Gastos deste anuncio:**

Serán por conta da Consellería de Facenda

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

O conselleiro de Facenda

P.D. (Orde 09/01/12)

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

M<sup>a</sup> del Socorro Martín Hierro